

CIRCULAR POLA QUE SE MODIFICA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DA CIRCULAR DE PROGRAMACIÓN DA CONVOCATORIA ANUAL DO PLAN DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E DE INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2022, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

Nº TT_2/2022

Segundo o previsto na Circular do 1 de febreiro de 2022 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria pola que se convocan as unidades propias da Consellería para que presenten propostas de accións de transferencia tecnolóxica para executar no exercicio 2022, o prazo de presentación de solicitudes finaliza o 7 de marzo.

Despois da información recibida de diferentes unidades administrativas da Consellería e para poder cumprir cos obxectivos deste Plan de transferencia, é necesario realizar a seguinte modificación na Circular pola que se establecen as bases da xestión do Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2022, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, no punto **6. Presentación das propostas e prazo**, no parágrafo:

Onde di “A data límite de presentación das propostas será de 30 días naturais dende o envío da circular”, queda redactado do seguinte modo:

“O prazo de presentación de propostas será ata o 18 de marzo de 2022”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2022

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral

